

Quiasmo

ARTES LETRAS E CIÊNCIA



Entrevista I Carmen Villar Alonso: “A infancia é o alicerce sobre o que fundo a miña vida”

[Tiago Alves Costa](#) 23 de Janeiro de 2024

https://quiasmo.net/2024/01/23/entrevista_carmenvillar/

Carmen Villar, poeta e jornalista, acaba de lançar o seu primeiro livro de poesia, “[Os Mil e Um Dias](#)”. Nesta entrevista para a revista Quiasmo, Carmen partilha as emoções e desafios por trás desta estreia literária. Desde a transição da escrita diária no Twitter para a publicação física até à fusão única de palavras e imagens, a entrevista oferece um vislumbre do universo poético de Carmen. A influência da infância rural e a busca constante pela atenção ao presente emergem como temas essenciais. Carmen também partilha vislumbres de futuros projetos, incluindo uma reflexão sobre a diáspora galega na Argentina.

“Os mil e un días” é o teu primeiro livro de poesia, que sensações vão no teu íntimo nesta tua estreia?

A exposición de parte do espírito, tamén a través dun libro, casa mal con certo pudor que as persoas tímidas sempre levamos agochado no armario. As redes, aínda que teñen un compoñente de exhibición, semellan máis etéreas pola súa propia esencia: agora estás, mañá podes non estar; o que escribes pode borrarse. Porén, publicar un libro parece que te volve máis real. Coma se a xente puidese verte máis de preto. Por unha banda, o sentimento é marabilloso porque é coma se a palabra, as túas palabras, collesen un corpo. Supón dalgún xeito ilusionarte coa idea de que se cadra algo do que escribes pode transcenderte. Porén, ademais da ilusión, da emoción, de toparse nas mans e nos ollos das persoas coma un ente tanxible que dialoga con elas na intimidade, publicar un libro conleva certa sensación de responsabilidade: estarei á altura das expectativas, das esperanzas das persoas que collen o volume na man? Entenderán o que digo do mesmo xeito ca o entendo eu? O medo a ser xulgada aparece ao mesmo tempo, o peso da incógnita de cal será o veredicto. Hai outro efecto colateral desta obra que é verme, coma agora mesmo contigo simbolicamente, diante da gravadora e non detrás. Para min é dos aspectos máis complexos porque significa empregar palabras para describir palabras que realmente non poden describirse máis ca por si mesmas. Decátome do difícil que é ser

entrevistado. Así e todo, agradezo a oportunidade que me dás e alégrame coñecer os dous puntos de vista e saber que se sente na outra beira da profesión.

E foi fácil a transición de escribir poesía diariamente no Twitter para a publicación de um livro físico?

Coido que a literatura sofre da mesma doenza ca moita arte que semella menos arte cando fica fóra dos museos: a materialidade é aínda precisa para optar a ser canónica. Como digo nalgún dos meus versos, publicar nas redes é escribir sobre a neve e saber que o sol derreterá nalgún intre as nosas palabras. Malia a toda a modernidade que me/nos rodea e a recurrir ás redes para construír este aspecto do meu proxecto creativo, exerzo, como teño dito máis dunha vez, de melancólica (de melancolía da boa) por vocación e son das que cren que gozar da literatura ten que ver con algo máis ca co sentido da vista, porque o arrecendo de cada libro ao ser aberto por vez primeira é único ou o tacto do papel no que foi impreso cando pasamos cada folla. Por iso tamén foi unha experiencia extraordinaria que as miñas palabras sexan merecentes de herdar a maxia dun invento tan capital para a humanidade como foi a imprenta de Gutenberg. Ao final choutei ao papel coa complicidade dunha editorial, Xerais, e dun equipo que mimou a miña obra. Iso fíxoo todo máis doado. Ter camiñado tanto polas redes tamén foi un xeito de crear un camiño acolchado de follas, coma o que fan os carballos no outono. Do outro lado da pantalla había persoas que se interesaban por un posible libro meu e iso tamén me animou a facelo realidade. Unha vez percorrido ese camiño xa, penso que a meirande dificultade se atopou na escolma. A parte de ourivería dese labor desenvolveuna o profesor da Universidade de Vigo Beni Salgado, igualmente responsable de animarme a levar ao papel o proxecto. Non é tarefa doada escoller entre un milleiro de publicacións como ían daquela as que conformarán un libro que te presentará ao (certo tipo de) mundo. Como unha buscadora de ouro do Klondike, nun primeiro movemento seleccionei as zonas do río onde procurar e Beni peneirou a súa area e extraeu as súas pebidas de ouro. Estoulle moi agradecida pola súa xenerosidade e polo seu apoio.

Isso afetou ou influenciou a tua abordagem à escrita?

O medio é a mensaxe, que dicía McLuhan, e transitar polas redes non só inflúe na propia recepción que teñen os poemas por parte dos seus potenciais lectores. Conleva así mesmo asumir certas regras do xogo que lles son propias. Un dos factores que condicionou o fotopoemario, o pequeno tamaño dos poemas, chegara xa antes. De feito, atravesa todo o proxecto destes últimos anos. Así, malia a que en xeral me gustan moito os haikus e os aforismos, é habitual que compoña poemas máis longos, algúns bastante máis do que adoito amosar nas redes, pero, dado que X limita os caracteres, adapteime.

Combina lindamente os teus versos com fotografias e desenhos. Como encaras a intersecção entre a palavra escrita e a expressão visual no contexto da tua poesia?

Se me preguntas se vai antes a palabra ou a imaxe podería dicir que iso constitúe unha cuestión complexa, como dirimir se o pensamento precede á linguaxe ou ao contrario. Penso que se produce unha situación semellante e é a de continua interrelación e alimentación. Ao longo da vida fun seducida pola imaxe e pola palabra. De meniña, debuxaba moito. Na adolescencia e mocidade a poesía cativoume porque as persoas novas son seres absolutos e sen límites e a poesía é unha linguaxe que non entende de medidas. Cando estudiei Xornalismo xa quería ser escritora, pero entón volveu fascinarme a imaxe e ao rematar a carreira decanteime por seguir con Fotografía Artística. Co tempo puiden conciliar as dúas maneiras en que o mundo entraba nos meus ollos e saía a través das miñas mans. Un dos momentos relevadores da posibilidade desa (re)conciliación produciuse despois dun obradoiro con Joan Fontcuberta no que puidera

participar grazas á xenerosidade da Galería Vilaseco e ao seu programa de acción cultural 12 miradas. Fíxenme máis consciente de que, se non quero, non teño por que escoller. E así xurdiu este proxecto fotopoético do que abrollou todo o demais. Non é o primeiro que desenvolvo nas redes, pero si o máis recente. Á hora de describir a súa filosofía, adoito referirme ao que me comentou Suso de Toro para esbozala. El dime que eu fago “poesía ventureira, apañada nas beiras dos camiños”. Con Olga Novo, a quen admiro, falamos moito noutro obradoiro para o que tiveron a sorte de ser escollida en 2023, impulsado tamén pola Galería Vilaseco, da atención e da atención como forma de amor. Malia que son unha persoa moi despistada e semello camiñar en soños, ás veces o mundo mírame e eu devólvolle a mirada. En moitas ocasións o que chama á miña porta son as flores fermosas e discretas que podemos topar nas ribeiras dos ríos, que só a propia natureza coida; nos intersticios das rochas dun arcén; na sombra que queda esquecida despois de marchar o seu obxecto. Todo aquilo que existe deixa de ser insignificante (ou mellor, de parecelo) cando lle prestamos atención abonda. Dime o meu compañeiro que pertenzo aos tempos dos cazadores-recolectores. Nese sentido, tamén como dicía Suso, non semento, non fago agricultura intensiva, senón que colleito o que o mundo me ofrece, o que vou atopando fóra e dentro. E nese proceso ás veces é a imaxe a que desata un poema, nun ensaio de descifrar o que para min contén no interior ou o que conteño eu mesma, e outras é o poema o que me urxe buscarlle unha imaxe para completalo ou discutilo. En xeral, non adoito rifar cos meus versos; déixoo fluír sen sometelos a cirurxías. Tampouco están condenados a se veren encadeados a debuxos ou a fotografías, aínda que si neste libro de “Os mil e un días”, polo proxecto que xace na súa xénese, e tamén nun ecofotopoemario máis recente, “E na Arcadia xea”.

Em muitos dos teus poemas, existem referências à infância rural mas também a experiências do cotidiano...Esses ambientes influenciam ou inspiram a tua escrita?

Sempre digo que os seres humanos estamos feitos de memoria e ao tempo vivimos permanentemente nun futuro ao que nunca damos chegado. No caso da memoria, en realidade habitamos as historias, os relatos que construímos coas lembranzas. Na miña lembranza, a infancia é o alicerce sobre o que fundo a miña vida. Comparto con Rilke que “a verdadeira patria” do ser humano “é a infancia”. Nese mundo é onde nos conformamos e onde nos confirmamos. Neses anos decídese en gran medida que peso terá cada elemento das dicotomías que nos constitúen. Como filla de emigrantes, por un lado, son un desas persoas que adoito definir como orfas (por sorte temporais) de vivos, da mesma maneira que as mulleres dos mariñeiros eran viúvas de vivos, mais ese mesmo fenómeno é o que me deu a oportunidade de abrir os ollos ao mundo nun lugar que constitúe a miña Arcadia, o meu paraíso terreal. Alí medrei, entre dous ríos, á sombra de carballos, baixo a atenta e bondadosa mirada dos meus avós maternos, a quen vai dedicado o libro, de quen herdei non só un vencello que coido atávico coa terra, senón tamén unha maneira de estar no mundo e de miralo froito dunha lingua propia, o galego. Ademais, eran os dous grandes contadores de historias e fabricábanas sen parar para unha meniña que nunca cansaba delas. Penso que todos os seus contos, que xa só lembro como sombras, persisten no meu inconsciente coma un humus do que se nutren as miñas palabras. Porén, como che dicía, tendemos a mirar cara atrás e cara adiante e moitas veces non vemos o que temos en fronte de nós. Aínda que o pasado me obsesiona e o futuro me condiciona, e ás veces tamén me provoca temor, quero conseguir a través da poesía tocar o presente, polo menos rozalo. Unha das razóns polas que o presente nos pasa desapercibido é por estar composto en boa medida polo cotián. Aquí volve a ser precisa esa atención da que che falaba antes. De súpeto, deteste e miras e es quen de atrapar o presente in fraganti. Todo iso que dis, por tanto, é relevante para min, que é como dicir que todo o é, e outro dos alicerces sobre os que se sostén a miña creación é a loita

continúa contra a entropía, que desgasta o que amamos e que manipula o tempo para facelo viaxar nun único sentido. Fáltanos o superpoder de refacer e só a palabra pode paliar.

Ao descreveres a poesía como “a realidade filtrada através dos sonhos”, como essa definição molda a tua abordagem à escrita poética?

Esa frase que citas é froito dun malentendido nun programa no que me entrevistaron e non foi formulada como tal, senón que aparecía nun contexto no que pretendía explicar a diferenza de traballar en poesía e xornalismo. Emporiso, penso que na nosa maneira de ver o mundo hai moito de soño. Os soños distorsionan aquilo que os sentidos percibiron, os razoamentos que a conciencia dixeriu. Retorcen os datos e constrúen con eles quimeras. Fano de xeito moi evidente e todos sabemos, ou sospeitamos, da súa cuestionábel credibilidade. Porén, non desconfiamos de como vemos nós a realidade. Cremos ser obxectivos e sempre conscientes, que a nosa realidade é intercambiable coa realidade que percibe outra persoa, pero a nosa realidade é tan subxectiva coma un soño. Está tamén filtrada e distorsionada polo que somos, polo que fomos, polo que cremos. Mesmo polo que aspiramos a chegr a ser. A poesía non disimula ese filtro. Sabe que a súa verdade é intrínseca e non depende da obxectividade. Desde outra perspectiva, os “soños” teñen unha presenza constante no que escribo e tamén en “Os mil e un días”. Con esa palabra, con ese concepto, aludo case sempre ao proxecto, ao horizonte, ao futuro, a aquilo que pode constituírse como obxectivo e que por iso mesmo nos configura, pero tamén cabe dentro todo o non acadado. O fracaso, a perda, o que puido ser e non foi, é outra cara da entropía que me obsesiona.

E como a tua experiencia como xornalista influencia a tua abordagem à escrita deste libro? Encontras alguma intersecção entre a objetividade do jornalismo e a subjetividade da poesia na forma como crias os teus versos?

A poesía vénme de serie; o xornalismo tiven que aprendelo. Así e todo, en ambos os dous mundos está en xogo, unha vez máis, a atención. Nas facultades adoitaban dicir que os reporteiros teñen que ir, ver e contar e ás veces é tamén ese o meu labor detrás dos versos, aínda que neste caso a miña verdade pode traducila calquera lector a unha verdade que lle sexa propia, o que non debería acontecer co xornalismo. Son mundos, ao mesmo tempo, moi distantes. O xornalismo é como viaxar por autopistas moi ben iluminadas, anchas, perfectamente sinaladas, nas que resulta complicado perderse. No que atingue á poesía, esa viaxe, porque todo o proceso é a manifestación dunha viaxe, faise por corredoiras, con herbas altas ao noso redor, e talvez non nos saian ao paso lestrigóns nin cíclopes aos que somos mariñeiros de terra adentro, de ríos de auga doce, pero si ameazan nas sombras lobos e as árbores mestas ás veces agochan a luz. A poesía avanza feraz no misterio, nese camiño menos transitado que dicía Frost, mentres a profesión xornalística adoita basearse en esclarecer. A intersección son eu, dividida coma un Xano bifronte en moitas facetas da miña vida.

Tens algum outro projecto que estejas a traballar e queiras partilhar conosco?

Son un ser que escribe, adoito dicir. A escritura ten unha presenza continua na miña vida e a súa manifestación é diversa. A carón desa poesía “ventureira” da que falaba, e que me gustaría poder manter un tempo a través do mesmo proxecto fotopoético de @CarmedeMilmanda / @rosmoninha, nace outra máis repousada, coma os viños vellos. Por outra banda, tiven a inmensa sorte de poder visitar Arxentina por segunda vez o pasado mes de outubro. Alí fun moi afortunada de coñecer a algúns dos representantes da comunidade galega da diáspora. A emigración é un tema que me atravesa de continuo. Tamén no libro colectivo que publiquei en xuño de 2023 co colectivo das Comadres das Letras en Alvarellos, “Contármonos”, é central na

miña achega individual e penso que seguirá a artellar, soterradamente ou non, a miña produción creativa en vindeiros anos do mesmo xeito que determinou a miña vida no pasado. Desa viaxe a Arxetina volvíñ co horizonte dun poemario a modo de caderno de viaxe arredor do que aprendín da experiencia, tanto sobre o país e min mesma como sobre os galegos aló. En xeral, ando sempre coa idea de estender ese “caderno de viaxe” ás miñas vivencias noutros países. Por exemplo, hai pouco publiquei “E na Arcadia xea”, un ecofotopoemario nado nos Alpes e que me gustaría ver traducido ao alemán.



30

non confundas
vontade
con movemento:
tamén se moven as follas
e só as empurra o vento



5

levar
a contraria

poñer
a cabeza nos pés,
cantar
en silencio,
construír
derrubando murallas

levar
a contraria

e que todos os nons
que afoguei,
que rebenten na boca
e que saian



9

estar
onde te queiran

quererte
onde esteas



23

ocupar
as miradas
en cousas fermosas

distraelas,
asubiar
coma se non pasase nada

mirar para outro lado
cando guindemos a pedra
sobre a nosa alma



31

queremos regresar
ao paraíso

desfacer a entropía
e converter
o príncipe en ra
cun simple bico

queremos volver
ao paraíso

devolver
á árbore a mazá,
devorar as miguíñas
de pan,
cambiar cada final
mal escrito

Créditos das fotografías: E. Navarro.